

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

ENTREVISTA

Helena González: "a rede é o grande reto para culturas pequenas e as posicións disidentes"

Helena González é profesora de Filoloxía Galega na Universidade de Barcelona e investigadora do Centre Dona i Literatura. Antóloga, crítica literaria, especialista en poesía e estudos literarios de xénero, ofrécenos todas as semanas en Vieiros:Barcelona a súa particular visión sobre a cultura catalá e as relacións coa galega na sección [Sumario de Xerfa](#). Unha entrevista de **Fina Iglesias**.

- 15:07 19/12/2005

Aínda que as novas do ministerio descartan a disolución das filoloxías das linguas minoritarias, cal cres ti que é o futuro dos estudos destas literaturas, minorizadas pero ricas?

Con esta revolución silandeiriña, a docencia das humanidades na universidade española muda por completo. De feito, muda a concepción mesma da aprendizaxe universitaria, na que os estudantes teñen un papel máis activo seguindo o modelo anglosaxón. Isto podería ser beneficioso para estudos como o galego, porque os estudantes procurarán diferenciarse os uns dos outros. E os estudos de lingua e literatura galegas (coido que o termo filoloxía non sobrevivirá), alén do interese de seu, constrúen unha visión contrastada e crítica fronte ás realidades lingüísticas e literarias que nos resultan máis próximas. Ademais, non se esqueza, o galego ten unha presenza no mundo editorial e cultural (e Barcelona é unha das capitais do sector) e tamén no ensino catalán. De todas maneiras o proceso cara ao 2010 estase facendo case sen guía e orde, e iso prodúcenos moito desacougo e abre moitos interrogantes.

Fálase moito dos problemas da investigación neste país, a dificultade para conseguir financiamento. A investigación humanística é unha das que saen malparadas nestes repartos. Cres que falta vontade política para cambiar esta concepción ou que simplemente non interesa?

Aquí invístese, pouco, pouquísimo, e no reparto de diñeiro sae sempre prexudicada a non experimental, o que na xerga denominan investigación "de lapis e papel". Pero hai cousas positivas. O actual sistema favorece os grupos interdisciplinares e interuniversitarios. A creación de redes paréceme positiva porque abre espazos para a comparación e o contraste. Xa non é viable a investigación illada e exclusivamente unipersoal. Por exemplo, participo nun proxecto de investigación dirixido por Manuela Palacios, da universidade compostelá, no que estudamos a escrita das poetas galegas e irlandesas dos últimos anos; o noso traballo estanos levando a romper cos nosos propios tópicos e obríganos a repensar conceptos e ideas que dabamos por feitas. Ao tempo, como investigadora do [Centre Dona i Literatura](#) formo parte do primeiro instituto interuniversitario catalán para a investigación sobre o xénero que está a piques de crearse. Isto levaranos a investigar de maneira conxunta desde especialidades como o dereito, a historia, as literaturas clásicas ou a literatura galega cos estudos feministas como fío común. Ademais ese instituto contribuirá a fomentar a investigación

e, se cadra, a presenza docente das perspectivas feministas e de xénero.

A literatura de *mulleres* está de moda? De ser así, isto está a acontecer só en Galiza?

En Galicia détéctase esa moda de mulleres desde mediados dos 90, e, con fórmulas diferentes, o mesmo está a acontecer noutras literaturas. Sen dúbida a incorporación da muller á sociedade inflúe de maneira clara nesa moda cultural. Pero ademais onda nós primeiro as poetas e agora as narradoras (¿ou a narradora?), tiveron unha boa acollida por parte das institucións, moito mellor que nas literaturas que nos rodean. Agora ben, cómpre non confundir "moda" con "igualdade" na presenza e representación das mulleres. As escritoras aínda son moitas menos e as súas representacións tópicas.

Primeiro foi "Eu tamén navegar" despois engádesse "A muller é un cristal atravesado por unha patria". Estes versos convertéronse en proclamas da dobre encrucillada identitaria das mulleres escritoras: o xénero e a nación. As novas escritoras están a vivir esta encrucillada de forma diferente á das que comezaron a escribir nos anos 70 ou 80?

Sen dúbida. As que eu adoito denominar "zapadoras" tiveron que facelo todo: crear redes entre mulleres, interrogarse sobre a cultura herdada, revirarse contra o silenciamento ou a obxectalización das mulleres na historia e facer posible unha identidade dobre: como mulleres e nacionalistas. A partir de mediados dos 90 xorde unha nova xeración, educada na escola do politicamente correcto e en galego, unha xeración sen a experiencia da alienación como mulleres. Viven nunha sociedade con moitas chatas, pero sen dúbida con moitas máis oportunidades e dereitos de facto cás nais e irmás maiores.

Hai diferenzas a grandes rasgos na vivencia desta encrucillada entre as poetas e as narradoras?

Na súa vivencia como escritoras e como mulleres, non, aínda que as poetas teñen a vantaxe de escribir desde un xénero que permite maior experimentación. Agora ben, ser poeta en galego está a resultar máis doado, se cadra porque hai máis modelos dispoñibles.

Nas escritoras catalás enúnciase tamén esta dobre encrucillada?

A dobre encrucillada na que se definen desde a súa ubicacións como mulleres e como catalás, si. Agora ben, resulta rechamante escoitar as mozas poetas catalás, as de vinte e tantos. Escriben como as poetas galegas dos 90! Teño a sensación de que a vangarda literaria desde o feminismo foi máis doada na literatura galega ca na catalá.

"Se cadra nunca unha literatura tanto esperou por unhas escritoras (as narradoras)" por que?

A literatura galega das mulleres navegou á contra: axiña apareceron e, sobre todo, se recoñeceron espléndidas poetas, arriscadas, comprometidas e diferentes nas súas propostas literarias, mentres que as narradoras tardaron moito en chegar, e van aparecendo coma pingas, de vagariño. Nas literaturas do noso arredor o habitual é atoparse con narradoras que escriben "fóra do canon".

En Cataluña a balea é un animal que queda fóra do noso imaxinario, a balea é unha personaxe afastada. E en Galiza a balea é

Un animal totémico. Aquel que resume a épica mariñeira e, sobre todo, o corpo mítico que representa a liberación das mulleres na escrita dalgunhas poetas fundamentais. Porque o territorio desde o que se explican as mulleres non é un espazo xeográfico, como acontece nas identidades nacionais, senón o corpo propio. En *Elas e o paraugas totalizador* fago unha lectura simbólica que resume unha posición política feminista e nacionalista.

Cres que na sociedade da información estamos a perder a capacidade de polemizar, de transgredir, de xeito que os que o fan son novamente os eternos "contracorrente"? A sociedade da información desinforma? Ás veces a polémica non é politicamente correcta, non queda ben

A sociedade da información modificou a nosa relación co mundo e coa xente. Ademais puxo en cuestión o concepto do que é real e virtual. Algúns dos factores que máis desestabilizan son a sobreinformación, a igualación de contidos banais con contidos importantes, o crecente protagonismo dos individuos (todos somos escritores)❖ Porén a rede é o grande reto para culturas pequenas e posicións disidentes. Desde o entorno virtual chegamos a lugares insospeitados e a xentes insospeitadas. Creo que para a cultura galega pode ser un dos factores que contribúa á súa supervivencia, pero ten que haber políticas decididas que sitúen máis ferramentas e máis contidos en internet. E tamén creo que pode poñer en crise as comunidades emigrantes tal como as concibiamos: a xente nova tende a atoparse en internet ou a partir de internet máis ca nos bares dos centros galegos.

Cataluña e Galiza❖ lonxe? En que medida as clases de galego na facultade contribúen a achegar ambas culturas?

Os galegos tendemos a empregar Cataluña como espello para Galicia, porén en sentido inverso a cousa non é tan doada. Os cataláns que se achegan ao galego parten dunha visión tópica e exótica, nuns casos, ou desde a solidariedade nacional, noutros. En todo caso a [Filoloxía Galega da UB](#) e o lectorado de galego da UAB conseguen pequenos grandes fitos como que estudantes que non falaban o galego e coñecían pouco ou nada a realidade galega participen nos medios de comunicación en galego (ERGAC, *A Micro Pechado*, Vieiros:Barcelona❖), nos colectivos sociais galegos, lean en galego, boten a andar iniciativas como a tradución, a inclusión de galegos en actividades culturais celebradas en Cataluña... Ademais a Filoloxía Galega na UB fai posible que todos os anos veñan a Cataluña universitarios galegos. O equipo de profesores de Filoloxía Galega potenciamos a ponte entre as dúas culturas e tamén a integración da investigación sobre o galego na investigación de Cataluña.

A TÚA ESCOLMA

O último libro que liches

Que relín: a *Medea* de Christa Wolf, unha magnífica peza narrativa.

O libro que estás a ler

Sempre leo a varias bandas: *Mujeres artistas de los siglos XX y XXI* editado por Uta Grosenick (un agasallo moi prezado); *Instal·lacions*, unha edición bilingüe francés-catalán da quebequesa Nicole Brossard; releo con moito vagar *Follas Novas* de Rosalía, un libro que me sorprende en cada lectura, e para o que vou atopando cadros que o acompañan.

Foi unha sorpresa atopar❖

A *Escolma de poesías* (1917) de Rosalía, en galego, editada e pagada pola Joventut Nacionalista, é dicir, Cambó e compañía, que levaban como agasallo para distribuír nas bibliotecas galegas nunha viaxe política iberista. Débollo a Xesús González Gómez, que atopa xoias no Mercat de Sant Antoni.

Tres libros para o Nadal

Unha novela orixinal, entretida e polémica, *Herba moura* de Teresa Moure; un libro de memorias da represión franquista, *Cárcere de Ventas* de Mercedes Núñez; e unha poeta inquebrantable, *Poesía reunida* de Xohana Torres.